



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Secretaría Xeral

*Publicación da aprobación definitiva da ordenanza reguladora do servizo municipal de préstamo de bicicletas do Concello de Arteixo.*

##### ANUNCIO

Téndose aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o xoves 27 de abril do 2023 o texto da ordenanza do servizo municipal de préstamo de bicicletas do concello de Arteixo, e transcurrido o prazo de exposición pública (dende o 5 de maio até o 19 de xuño, ambos inclusive, Boletín Oficial da Provincia nº 85), sin que se presentase reclamación ou suxerencia algunha, enténdese definitivamente aprobado o texto de dita ordenanza, co seguinte teor literal:

“ORDENANZA DO SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DO CONCELLO DE ARTEIXO

##### TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º Obxecto.

O obxecto deste servizo é a posta a disposición á cidadanía dun sistema de préstamo de bicicletas, convencionais e de asistencia eléctrica, como un medio de transporte público para desprazamentos no ámbito territorial municipal dirixido a ser empregado polo maior número de persoas posibles.

Artigo 2º Ámbito do servizo.

O ámbito do servizo queda delimitado ao territorio que comprende o termo municipal do Concello de Arteixo.

Artigo 3º Características do sistema.

O sistema comprenderá varias estacións de préstamo de bicicletas para a recollida e entrega instaladas en distintos puntos do concello e ademais con diversos módulos para o estacionamento de bicicletas no entorno de equipamentos educativos, sociais e comerciais de especial interese.

As posibles modificacións e ampliacións do sistema serán obxecto de publicidade na web municipal do servizo creada a tal efecto.

Tódolos compoñentes do sistema, incluídas as bicicletas, teñen a consideración de bens públicos municipais.

##### TÍTULO II.- NORMAS DE XESTIÓN DO SERVIZO

Artigo 4º Usuarios do servizo.

Poderán ser usuarios deste servizo municipal de préstamo de bicicletas os maiores de idade así como os maiores de 14 anos coa autorización da persoa que ostente a patria potestade debidamente identificada, nesta autorización facultarase o cobro da tarifa do servizo na tarxeta ou conta bancaria da persoa representante do menor.

Queda expresamente prohibido a alta e utilización do servizo aos menores de 14 anos.

Non poderán ser usuarios:

- Os que estean impedidos para o uso de bicicletas por non reunir os requisitos físicos ou psíquicos esixidos pola normativa de circulación vial aplicable.
- Aqueles que foran sancionados de acordo co disposto nesta Ordenanza.

Artigo 5º Normas de uso.

1. O usuario deberá facer un uso correcto da bicicleta, devolvendo a mesma en bo estado de funcionamento e limpeza.
2. Todos os usuarios están obrigados a cumprir as normas establecidas na presente Ordenanza.
3. Os usuarios deberán respectar en todo momento a normativa xeral de circulación.
4. A bicicleta deberá destinarse ao uso para o que está previsto o servizo, estando particularmente prohibida a súa utilización con fins comerciais, de transporte de mercancías ou calquera outro uso profesional.

5. A bicicleta soamente poderá transportar á persoa usuaria do servizo e non estará permitido levar animais nin poderá prestarse a terceiros. Así mesmo, non poderá retirarse dos puntos de emprazamento unha nova bicicleta ata que o usuario entregue aquela que xa estea utilizando.

6. Prohíbese a desmontaxe ou manipulación parcial ou total da bicicleta. Así mesmo, tampouco está permitido integrar ningún elemento na bicicleta.

7. Nin o Concello de Arteixo nin o responsable, caso de ser distinto, do mantemento do sistema se farán responsables dos danos que o usuario poida sufrir ou producir mentres fai uso da bicicleta nin dos danos ou prexuízos producidos polo mal uso da mesma, nin dos causados a terceiras persoas durante a súa utilización.

O usuario é o único responsable dos danos que poida sufrir como consecuencia do uso da bicicleta ou os causados a terceiras persoas ou a calquera ben, moble ou inmobile, incluída a propia bicicleta, polo uso normal ou anormal da mesma.

A tal efecto, o usuario deberá comprobar que a bicicleta a utilizar está en boas condicións de uso e mantemento estando obrigado a comunicarlle ao Concello ou ao responsable do servizo calquera incidencia mecánica.

No caso de que os servizos de inspección comprobasen que unha bicicleta presenta danos, imputaranse ao último usuario.

8. No caso dunha incidencia que afecte ás condicións mecánicas da bicicleta, o usuario ten a obrigaón de comunicalo inmediatamente ao Concello de Arteixo ou ao responsable do mantemento do sistema. A bicicleta quedará baixo a responsabilidade do usuario ata que a deposite nunha estación do sistema ou a poña a disposición do Concello ou do responsable de mantemento do sistema.

9. Prohíbese o uso da bicicleta en competicións de calquera clase, así como en lugares tales como escalinatas, ramplas de garaxe, ladeiras, campos de terra, pistas de patinaxe ou similares.

10. A bicicleta estará baixo a responsabilidade do usuario durante o período transcorrido entre a retirada da mesma e a súa devolución a unha das estacións de préstamo do sistema.

No caso de perda, roubo ou furto, o usuario presentará denuncia ante a Garda Civil ou Policía Local e comunicará ao Concello ou ao responsable do mantemento do sistema a desaparición da bicicleta no prazo máximo de vinte e catro horas. Ata que non se presente a denuncia a bicicleta estará baixo a responsabilidade do usuario.

11. No caso de roubo ou perda da tarxeta, o usuario deberá dar conta, podendo ser responsabilizado do mal uso da bicicleta por parte de terceiros no caso de non comunicar a desaparición en menos de 24 horas.

12. O usuario ten a obrigaón, durante o tempo de utilización do sistema, de custodiar a bicicleta, respectar as normas de circulación vial e facer un uso correcto do sistema de préstamo.

13. O usuario deberá retirar e restituír a bicicleta dentro do horario establecido. O incumprimento desta obrigaón dará lugar, no seu caso, á inhabilitación da tarxeta ou conta de usuario.

14. O usuario deberá mostrar o documento que lle acredita como usuario do servizo cando se lle solicite polos responsables autorizados ou polos membros das forzas e corpos de seguridade, incluíndose o corpo de Protección Civil.

15. O usuario deberá ser responsable en todo momento das obrigaóns ou infraccións que se determinen por calquera autoridade ou organismo, sexa estatal, autonómica ou local, por razón da condución da bicicleta.

16. A utilización do sistema axustarase, en todo caso, ao establecido nesta Ordenanza e nas instrucións e acordos que se adopten no cumprimento da mesma.

17. Os danos producidos nos bens afectos ao servizo serán esixidos ao responsable en vía administrativa.

Artigo 6º Tarifa do servizo.

A contía correspondente a satisfacer en concepto de tarifa pola utilización do sistema municipal de préstamo de bicicletas determinarase no ANEXO I.

O fomento da mobilidade urbana sostible constitúe un motivo de interese público que xustifica a fixación dun prezo do servizo por debaixo dos custes do servizo.

Artigo 7º Altas e baixas.

1. Toda persoa que pretenda facer uso do servizo de préstamo de bicicletas deberá previamente darse de alta presentando a seguinte documentación:

- Modelo de formulario de alta no servizo debidamente cumprimentado.
- Declaración de que acepta expresamente as condicións de uso do servizo contempladas na presente Ordenanza.

- Fotocopia do DNI, Pasaporte en vigor ou NIE do usuario e, no caso de menores, tamén o de aquel que ostente a patria potestade.
- Xustificante de ingreso da tarifa de abonado elixida.

A tramitación da alta no sistema poderá realizarse ben de forma presencial nos lugares que se determinen polo Concello ou polo responsable do mantemento do sistema ou ben por medios electrónicos.

O usuario comprométese á conservación e bo uso da tarxeta, no caso de que sexa expedida. Nos supostos de extravío, deterioro, e/ou solicitude dun duplicado, o coste de emisión da nova tarxeta deberá ser soportado polo usuario de conformidade coas tarifas vixentes.

Unha vez entregada e comprobada a documentación procederase a entregar ao usuario a tarxeta de usuario.

Co fin de evitar duplicidades, queda prohibido que unha persoa usuaria se dea de alta unha segunda vez se previamente non cursou a baixa correspondente no servizo.

2. As baixas do servizo produciranse de oficio ou a instancia do usuario.

O Concello procederá a dar de baixa de oficio a aqueles usuarios que non abonen a tarifa correspondente nos termos previstos no artigo 10º. Así mesmo, darase de baixa a aqueles usuarios que sexan declarados culpables pola comisión de infraccións moi graves.

No caso de baixas voluntarias, deberase presentalo formulario correspondente acompañado da tarxeta acreditativa de usuario do servizo, no caso de que fora expedida. A baixa no servizo non dará lugar á devolución das tarifas que se abonen durante a prestación do servizo.

Artigo 8º Funcionamento do sistema.

1. O Concello prestará o servizo de aluguer de bicicletas mediante encargo ao seu medio propios SERVIZOS URBANOS MUNICIPAIS DE ARTEIXO S.A., polo que corresponde a dita sociedade a xestión de altas e baixas de usuarios así coma a xestión tarifaria.

2. Despois de que un usuario sexa dado de alta no sistema xa pode solicitar o préstamo de bicicletas mediante calquera das seguintes modalidades: a) por medio de tarxeta intelixente, e b) por medio da aplicación informática do sistema "APP".

3. As instrucións para a utilización do sistema en calquera das modalidades faranse públicas na web municipal; na web de SUMARTE; nos lugares de préstamos das bicicletas e, en todo caso, comunicaranse xunto co documento que acredite a condición de usuario.

4. O responsable do control, supervisión, vixilancia e mantemento do sistema atenderá de que existan bicicletas e prazas libres nas distintas estacións de préstamo.

Artigo 9º Condicións de utilización.

1. A bicicleta solo poderá ser utilizada dentro do termo municipal do Concello de Arteixo. Queda expresamente prohibida a circulación fóra do ámbito indicado.

2. O usuario poderá facer uso do sistema dentro do horario fixado para cada momento. As modificacións do horario de uso, expoñeranse adecuadamente nos puntos de préstamo, nas webs municipais e nos puntos de información municipal.

3. A utilización da bicicleta limitase a dúas horas, sempre dentro do mesmo día, debendo o usuario depositala en calquera das estacións de préstamo do sistema antes de que transcorra dito período ou de que remate o horario de préstamo dese día. Despois de cada uso e antes de volver a utilizar a bicicleta deberán transcorrer polos menos cinco minutos.

4. O uso efectivo da bicicleta dependerá da dispoñibilidade das mesmas nos puntos de préstamo.

5. Para devolver a bicicleta, hai que entregala nunha das estacións de préstamo do servizo.

Se hai ancoraxes libres, haberá que encaixala no ancoraxe e obrigatoriamente asegurar o mecanismo de bloqueo para finalizar o aluguer.

Excepcionalmente, no caso de non haber ancoraxes libres na estación nese momento, terase que deixar a bicicleta xunto á estación sen que supoña un risco para a integridade e/ou a seguridade da bicicleta, peóns e/ou vehículos e obrigatoriamente asegurar o mecanismo de bloqueo antirrobo para finalizar o aluguer.

Artigo 10º Xestión tarifaria

Con carácter xeral, o pago da tarifa efectuarase en réxime de autoliquidación. Non obstante, para os supostos de uso anual deste servizo, o Concello poderá xestionalo prezo en réxime de padrón.

De ser este o caso, o Presidente aprobará o padrón da tarifa. No dito padrón figurarán tódolos obrigados ao pago suxeitos a esta modalidade de xestión así como a contía correspondente a cada un. As liquidacións comprendidas neste padrón notificaranse colectivamente de acordo co disposto na alta no padrón.

### TÍTULO III.- RÉXIME SANCIONADOR

#### Artigo 11º Principios xerais.

Será infracción administrativa todo incumprimento das obrigacións, prohibicións e requisitos establecidos na presente Ordenanza.

O réxime sancionador rexerese polos principios e procedementos vixentes da normativa sancionadora no momento da comisión da infracción.

Serán responsables das infraccións reguladas nesta Ordenanza os usuarios do servizo ou, no caso de menores, aqueles que ostenten a patria potestade.

As sancións serán compatibles cos gastos de reparación así como coas tarifas pendentes de pagamento.

A potestade sancionadora corresponde ao Concello de Arteixo coma titular do servizo, e exercerá dita potestade a solicitude de SUMARTE ou de oficio.

#### Artigo 12º Infraccións.

##### 1. Serán infraccións leves as seguintes:

- O retraso inxustificado na entrega da bicicleta por prazo de ata vinte e catro horas.
- Non comunicar ao Concello ou ao responsable do mantemento do sistema as incidencias que se produzan, tales como o deterioro ou fallo que impida ou dificulte o uso da bicicleta.
- Non comunicar ao Concello ou ao responsable do mantemento do sistema os cambios de datos persoais.
- Os actos inxustificados de deterioro leve das instalacións e elementos que integran o servizo.
- Prestala bicicleta a terceiras persoas.
- O estacionamento da bicicleta en lugares distintos dos habilitados ao efecto.
- Calquera outro incumprimento das obrigacións, prohibicións e requisitos establecidos nesta Ordenanza que non se encontren tipificados nos epígrafes seguintes.

##### 2. Serán infraccións graves as seguintes:

- Utilizar a bicicleta fóra do termo municipal.
- Non devolvela bicicleta en bo estado de funcionamento e limpeza polo mal uso da mesma.
- Non presentar nas oficinas municipais copia da denuncia por perda, furto ou roubo da bicicleta dentro do prazo establecido.
- Non respectar as normas de tráfico establecidas para estes vehículos, sen perxuízo das infraccións e sancións que en materia de tráfico e circulación viaria poidan impoñer as autoridades competentes.
- O retraso inxustificado na entrega da bicicleta por máis de vinte e catro horas.
- Os actos inxustificados de deterioro grave das instalacións e elementos que integran o servizo.
- A reiteración na comisión de dúas faltas leves por resolución firme, nun período de doce meses.

Calquera outro incumprimento das obrigacións, prohibicións e requisitos establecidos nesta Ordenanza cando polo seu elevado alcance ou entidade non merezan a cualificación de infracción leve.

##### 3. Serán infraccións moi graves as seguintes:

- Impedir ou obstaculizalo uso do servizo a outras persoas con dereito á súa utilización.
- Os actos de deterioro grave e relevante das instalacións e elementos que integran o servizo.
- A utilización da bicicleta con fins lucrativos, así como o seu aluguer ou venda a terceiros.
- O abandono ou perda inxustificada da bicicleta.
- Non denunciara perda, roubo ou furto da bicicleta.
- A reiteración na comisión de dúas faltas graves por resolución firme, nun período de doce meses.

### Artigo 13º Sancións.

As infraccións darán lugar as seguintes sancións:

- a) Infraccións leves, con multas de ata 150,00 euros.
- a) Infraccións graves, con multas de 150,01 euros ata 600,00 euros e, no seu caso, inhabilitación da tarxeta ou conta de usuario.
- b) Infraccións moi graves, con multa de 600,01 euros ata 1500,00 euros e inhabilitación da tarxeta ou conta de usuario.

O usuario que fose sancionado en firme pola comisión de infraccións, non poderá volver a facer uso do servizo de préstamo no prazo de seis meses para as leves, un ano para as graves, e tres anos para as moi graves. A tal efecto o Concello ou o responsable do mantemento do sistema procederá a desactivala tarxeta ou conta de usuario.

### Artigo 14º Circunstancias modificativas da responsabilidade.

Para a modulación das sancións atenderase á existencia de intencionalidade ou reiteración, a natureza dos prexuízos causados, a reincidencia na comisión ao cabo dun ano de infraccións da mesma natureza cando así se declare por resolución firme, e ao beneficio obtido coa súa realización.

Os pais, tutores ou curadores serán responsables das accións ou omisións dos menores ao seu cargo.

### Artigo 15º Protección de datos.

Os datos persoais dos usuarios do servizo serán obxecto de tratamento informático aos únicos efectos da súa relación co Concello ou co responsable do mantemento do sistema como consecuencia da alta no servizo de préstamo de bicicletas.

A tal efecto, o Concello terá a condición de responsable dos datos e SERVICIOS URBANOS MUNICIPAIS DE ARTEIXO S.A., de encargado do tratamento.

Sobre ditos datos, o seu titular poderá exercitalos dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación conforme ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O usuario asumirá, coa solicitude de Alta do servizo regulada no artigo 7º, que tódolos datos facilitados sexan exactos e que acepta expresamente as condicións de prestación do servizo e a regulación contida nesta Ordenanza.

Así mesmo ditos datos facilitaranse voluntariamente polo usuario sendo advertido de que os mesmos serán obxecto de tratamento informático, como necesarios e imprescindibles para o establecemento e desenvolvemento da relación co Concello ou co responsable do mantemento do sistema.

### Disposición final

Esta norma entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Facúltase ao Alcalde-presidente para ditar as instrucións precisas para a posta en marcha e o desenvolvemento do servizo municipal de préstamo de bicicletas.

**ANEXO I.- Tarifas pola prestación do servizo****TARIFAS POLA XESTIÓN ADMINISTRATIVA:**

- Alta no servizo: gratuíta (inclúe, no seu caso, a entrega de tarxeta de usuario)
- Expedición de duplicado de tarxeta: 5 €

**TARIFAS POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO:**

- Abono por día (uso ocasional) .....5 €
- Abono por mes ..... 10 €
- Abono por ano ..... 35 €

**TARIFAS POLO USO DO SERVIZO:**

- Os importes son acumulativos e reiníciáanse con cada traxecto.
- O abono anual renovase automaticamente.

Abono diario 5 €		
	TRAMO 1ª e 2ª HORA	RESTO DE HORAS
MECÁNICA	Gratuíto	3,00 €/h
ELÉCTRICA	Gratuíto	5,00 €/h
Abono mensual 10 €		
MECÁNICA	Gratuíto	2,50 €/h
ELÉCTRICA	Gratuíto	4,50 €/h
Abono anual 35 €		
MECÁNICA	Gratuíto	2,00 €/h
ELÉCTRICA	Gratuíto	4,00 €/h

“

O que se publica para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

Arteixo, 22 de Xuño do 2023

2023/4975